



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERAÁ A CONTRATACIÓN DO SEGURO SOBRE A FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE A ESTRADA





1.

2. OBXECTO DO PREGO

O obxecto de este contrato é a suscripción por parte do Concello de A Estrada dunha póliza de seguro para toda a flota de vehículos e maquinaria relacionada no anexo I do presente prego e conforme ás condicións que se especifican a continuación, as cales terán a consideración de coberturas mínimas e formarán parte da nomeada póliza.

A póliza obxecto da contratación garantirá ata os límites cuantitativos vixentes, a obriga indemnizatoria derivada do condutor do vehículo reseñado nas condicións particulares das mesmas, de feitos da circulación nos que interveña dito vehículo dos que resulten danos ás persoas e/ou bens.

Esta obriga será esixible a tenor do disposto na normativa vixente en materia de seguros na circulación de vehículos a motor.

CPV 66514110-0 Servicios de seguros de automóviles

3. DEFICNICIÓN

Asegurador: A persoa xurídica que asume o risco contractualmente pactado.

Tomador: O tomador do contrato de seguros será o Concello de A Estrada.

Asegurado: O.concello de A Estrada, e os condutores dos vehículos que compoñen a flota asegurada.

Terceiro: Calquera persoa física ou xurídica, titular do dereito a indemnización, que non estea excluída por Lei ou polo contrato de seguro aplicable.

Beneficiario: A persoa física ou xurídica que, previa cesión polo Tomador/Asegurado, resulta titular do dereito á indemnización ou prestación do asegurado.

Condutor: A persoa autorizada polo Concello de A Estrada que, legalmente habilitada para iso, conduza o vehículo asegurado ou o teña baixo a súa custodia ou responsabilidade no momento de ocorrencia do sinistro, con independencia da idade e anos de antigüidade do carné de conducir. Non obstante, o permiso de condución debe ser o idóneo respecto ao vehículo manexado en cada momento.

Sinistro: Todo feito cuxas consecuencias estean garantidas por algunha das modalidades obxecto do presente seguro. Considerarase que constitúe un só e único sinistro o conxunto de danos derivados dun mesmo feito.

Vehículos Asegurados: Todos os vehículos que formen parte da frota do concello de A Estrada (automóviles, vehículos industriais, agrícolas, motocicletas, ciclomotores, camiós...), coas opcións e accesorios que incorporen.

Póliza: Documento que contén as condicións reguladoras do seguro así como os suplementos ou apéndices que durante a súa vixencia se emitan á mesma para completala ou modificala. Forman parte integrante da póliza; o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas que rexen nesta contratación, así como as melloras, que no seu caso, ofertaran os licitadores, prevalecendo estas sobre as Condicións Particulares, Especiais e xerais de aplicación e fará constar expresamente na oferta que o presente prego prevalecerá sobre os devanditos condicionados no caso de discrepancias e/ou contradicións cos mesmos.

4. DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato do seguro de flota de vehículos do concello de A Estrada, tera o seu inicio o día 28 de agosto de 2017, data de finalización da póliza en vigor a día de hoxe, e tera unha duración de dous anos a partir de dita data.

5. CONDICIÓN PARTICULARES, CARACTERÍSTICAS XERAIS DA PÓLIZA

A póliza será aberta, podendo producirse por tanto altas ou baixas, mediante comunicación escrita nun ou outro sentido. As altas concretaranse mediante o correspondente certificado de adhesión, con efectos desde a data da solicitude, axustándose ás coberturas que se indiquen das recollidas neste prego. Para as baixas emitirase documento acreditativo desde a data de solicitude, non sendo necesario xustificar por parte do Concello o alleamento ou baixa do vehículo na Dirección Xeral de Tráfico.

Non se considerará a ningún efecto a idade e/ou antigüidade do permiso de conducir dos empregados nin das persoas autorizadas, para a condución dos vehículos da flota, aínda que, o permiso de condución debe ser en todo caso idóneo respecto do vehículo manexado, en cada momento.

Expresamente páctase, que terá a consideración de terceiro respecto ao causante, no suposto de sinistro de máis dun vehículo propiedade do Tomador.

Franquías: Non se admitirán franquías en ningunha das garantías incluídas do presente prego de prescricións técnicas.

En canto ao **ámbito xeográfico**, as garantías deste contrato esténdese a todo o territorio nacional e a aqueles países incluídos no Certificado Internacional de Seguros

Respecto ao **ámbito de circulación** a cobertura mantense en vigor tanto nas vías públicas como nos camiños, pistas forestais, recintos privados e calquera outra zona ou vías aínda cando estiveran pechadas á circulación, sempre e cando resulte de aplicación a Lei do Seguro Obrigatorio de Vehículos a Motor.

Así mesmo, a póliza incluírá o arrastre de caravanas ou remolques polo vehículo asegurado que ostente a mesma matrícula que o vehículo, a condición de que o seu peso non exceda de 750 kg.

En canto ás reparacións, o Concello determinará os talleres onde se procedera ás reparacións dos danos do vehículo e a Compañía terá que reoñecelos como talleres autorizados. Do mesmo xeito, o pago das reparacións será realizado directamente pola Compañía adxudicataria aos talleres nun prazo non superior aos 30 días.

6. RISCOS ASEGURADOS

Deberanse garantir os riscos que se especifican a continuación, sinalando que as reparacións e reposicións de rótulos, sistemas de sinalización de emerxencias luminosos e sonoros, equipos de megafonía exteriores e en xeral accesorios fixos que sexan propios dos vehículos da flota en función da actividade á que están destinados

Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria (S.O.A.)

A póliza garantirá ata os límites cuantitativos vixentes, a obrigación indemnizatoria derivada dos condutores dos vehículos apuntados nas condicións particulares de feitos da circulación nos que interveñan devanditos vehículos e dos que resulten danos ás persoas e/ou aos bens. Esta obrigación será esixible a teor do disposto na Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na Circulación de vehículos a motor, e na súa redacción dada pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados, e no Regulamento sobre a Responsabilidade Civil e seguro na circulación de vehículos a motor, aprobada por R.D. 7/2001 do 12 de xaneiro e o Real Decreto Lexislativo 8/2004, do 29 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na circulación de Vehículos a Motor, e demais disposicións concordantes.

Ademais do seguro de Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria garantíranse, segundo o caso, as coberturas que a continuación se detallan, indicándose na relación adxunta de vehículos, as correspondentes a cada un deles:

- **Responsabilidade Civil de Subscrición Voluntaria (RCV). Límite 50 millóns de euros.**

Por esta modalidade garántese o pago das indemnizacións a que, en virtude do disposto nos artigos 1.902 e concordantes do Código Civil e 116 e concordantes do Código penal, o Asegurado ou o Conductor autorizado e legalmente habilitado, sexan condenados a satisfacer a consecuencia da Responsabilidade Civil extracontractual derivada dos danos causados a terceiros con motivo da circulación co vehículo especificado na relación do anexo e tanto se atopase en circulación como parado.

Esta garantía cubrirá as indemnizacións, dentro do límite pactado nas condicións particulares da póliza, que excedan da cobertura de RESPONSABILIDADE CIVIL de Subscrición Obrigatoria (SOA) fixada en cada momento polas disposicións legais que regulen dita cobertura.

- **Defensa Penal e Constitución de Fianzas**

Por esta modalidade, o Asegurador obrígase, dentro dos límites establecidos na Lei e no contrato de seguro, a facerse cargo dos gastos en que puidese incurrir o Asegurado como consecuencia da súa intervención nun procedemento criminal e prestarlle os servizos de asistencia xurídica e extraxudicial derivados da cobertura do Seguro de Automóbiles.

A prestación das fianzas que por responsabilidade civil poidan ser esixidas polos tribunais ao asegurado ou ao conductor ata a suma fixada nas Condicións Particulares para esta cobertura.

En calquera procedemento xudicial que se derive dun sinistro amparado pola póliza, o asegurador, salvo pacto en contrario, asumirá ao seu cargo a dirección xurídica fronte á reclamación do prexudicado, designando os letrados e procuradores que defenderán e representarán ao asegurado nas actuacións xudiciais que se seguisen en reclamación de responsabilidades civís cubertas por esta póliza, e iso aínda cando ditas reclamacións fosen infundadas.

Cando se producise algún conflito entre o asegurado e o asegurador motivado por ter que sustentar este en os sinistro intereses contrarios á defensa do asegurado, o asegurador poñerá en coñecemento do asegurado sen prexuízo de realizar aquelas dilixencias que, polo seu carácter urxente, sexan necesarias para a defensa. Neste caso o asegurado poderá optar entre o mantemento da dirección xurídica polo asegurador ou confiar a súa propia defensa a outra persoa. Neste último caso o asegurador quedará obrigado a abonar os gastos de tal dirección xurídica ata o límite pactado na póliza.

- **Reclamación de Danos**



Mediante esta cobertura garántese a reclamación ao terceiro responsable, amigable ou xudicialmente, en nome do Asegurado, os seus familiares ou asalariados ou Conductor autorizado, da indemnización polos danos e prexuízos causados polo devandito terceiro con motivo de feitos que deriven do risco especificado.

- **Rotura de Lúas**

Mediante esta cobertura garántense as roturas das lúas dianteira e traseira, das portas e doutras laterais do vehículo asegurado, incluíndo os teitos corredizos ou practicables, cando a súa rotura se produza por unha causa exterior, violenta e instantánea e allea á vontade do asegurado ou do condutor, achándose o vehículo en circulación, en repouso ou durante o seu transporte.

A aseguradora garantirá o importe de reposición e gastos de colocación das lúas do vehículo asegurado pola póliza, en caso de rotura das mesmas, polo seu prezo no mercado incluídos os seus correspondentes accesorios.

- **Asistencia en Viaxe**

Mediante esta cobertura cóbrense as prestacións que se indican máis abaixo como mínimo, cando durante un desprazamento co vehículo asegurado prodúzase algunha continxencia que impida a continuación da viaxe derivada de inmovilización do vehículo por avaría mecánica, accidente de circulación ou roubo do vehículo, falecemento do condutor, enfermidade ou lesión sobrevida repentinamente durante a viaxe aínda que non se derive de accidente de circulación. Esta garantía cubrirá, dende o km 0 e estendese o seu ámbito xeográfico a todo o territorio nacional:

- o Asistencia por avaría mecánica
- o Substitución de roeda
- o Extracción do vehículo
- o Remolque do vehículo e traslado dos asegurados
- o Transporte do vehículo ata o taller designado polo asegurado da localidade do domicilio habitual ou ata o parque móbil do asegurado.
- o Aloxamento durante a reparación do vehículo se o asegurado opta por esperar á reparación do vehículo

- **Accidentes do condutor e ocupantes**

Esta cobertura amparará ao condutor e ao resto de ocupantes do vehículo polos accidentes que sufran relacionados coa condución do vehículo asegurado en tanto

se atopen no interior, subindo ou baixando do mesmo ou prestando axuda no caso de que devandito vehículo sufra unha avaría en ruta.

7. GARANTIAS DE APLICACIÓN (Garantías mínimas a contratar)

GRUPO I: Turismos, derivados de turismos, todo terreo, furgonetas, furgóns, e camións:

- Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria.
- Responsabilidade Civil de Subscrición Voluntaria.
- Defensa xurídica e Constitución de Fianzas.
- Reclamación de Danos.
- Rotura de Lúas.
- Seguro Accidentes ocupantes.
- Asistencia en viaxe.

GRUPO II: Ciclomotores, motocicletas e quads, vehículos especiais, remolques e vehículos agrícolas:

- Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria.
- Responsabilidade Civil de Subscrición Voluntaria.
- Defensa xurídica e Constitución de Fianzas.
- Reclamación de Danos.
- Rotura de Lúas.
- Seguro de accidentes conductor
- Asistencia en viaxe.

8. XESTIÓN DA FROTA

Se adxunta en ANEXO I a relación de vehículos a asegurar. Non obstante o Asegurador garantirá o aseguramento da totalidade da flota de vehículos do concello de A Estrada, asumindo a cobertura do vehículos que por erro ou omisión involuntaria non fose dado de alta nas garantías do seguro e en iguais circunstancias de coberturas ao resto de vehículos de similares características. Neste suposto o Asegurador terá dereito a percibir a



correspondente prima desde que o vehículo debese asegurarse ata o vencemento unificado da flota. Esta extensión de cobertura será válida aínda no caso de ocorrencia do sinistro.

Para incluír na póliza un vehículo novo, o concello de A Estrada dirixirá á compañía aseguradora e/ou ao corredor unha comunicación escrita. Na antedita comunicación farase constar, de forma concreta, cuantos datos sexan precisos para a correcta tarificación do vehículo, así como o grupo de garantías elixido. A compañía aseguradora terá a obrigaón de aceptalo nos termos propostos, así como facilitar un documento provisional de cobertura. A inclusión dos novos vehículos tomará efecto a partir da data indicada no escrito.

Para excluír da póliza un vehículo que cause baixa, o Asegurado dirixirá á Compañía Aseguradora e/ou ao corredor unha comunicación escrita. A exclusión tomará efecto a partir da data indicada no escrito.

A prima a pagar ou extornar que resulte das altas e baixas sucesivas á entrada en vigor da póliza regularizarase con periodicidade anual ao vencemento da póliza.

A prima daqueles vehículos incluídos na listaxe cuxo vencemento das pólizas actuais sexa posterior para o efecto do presente contrato determinaranse de forma proporcional ao período comprendido entre o efecto da póliza correspondente a ese vehículo e o vencemento da primeira anualidade do contrato e, a partir deste renovarase anualmente de acordo coas condicións deste contrato.

Para calcular as primas/extornos (con impostos e outros recargos incluídos) polas altas baixas de vehículos que se produzan ao longo da duración do contrato utilizaranse as seguintes fórmulas:

ALTAS:

Para o calculo do importe da nova alta realizaranse as seguintes operacións:

$Y = IP - (\text{custo do seguro do vehículo máis caro} + \text{custo do seguro do vehículo máis barato})$

$$X = \frac{Y}{(\text{núm. vehículos no momento da alta} - 2)}$$

$$\text{PNA} = \frac{X}{365} * \text{núm. días ata finalización da póliza}$$

Sendo:

IP: importe da póliza

PNA: Prezo nova alta

BAIXAS:

Aplicarase o importe ofertado como prezo unitario do vehículo.

Os recibos/extornos (con impostos e outros recargos incluídos) que se deriven destas fórmulas, serán entregados pola aseguradora no concello de A Estrada no prazo de 5 días hábiles

INFORMACIÓN A CERCA DE SINISTROS:

Trimestralmente o adxudicatario deberá facilitarlle ao Responsable do contrato, en soporte informático os seguintes contidos mínimos con respecto á sinistralidade: data do sinistro, matrícula, número de póliza, garantía afectada, culpabilidade, pagos realizados, reservas, recobros, situación e estado do sinistro, vía xudicial.

No cado de finalización, resolución, denuncia ou incumprimento do contrato a Compañía Adxudicataria virá obrigada a informar dos asuntos pendentes e continuar a tramitación ata a súa finalización.

9. CERTIFICADO DE SEGURO

Independentemente da póliza única, será expedido un certificado pola Compañía Aseguradora para cada vehículo (certificados individuais) nos que se especifiquen ademais doutros datos básicos as garantías cubertas polo Asegurador en cada caso concreto. Como sistema de xestión do programa a Aseguradora adxudicataria deste contrato comprometerase a facilitarlos nun prazo de 24 horas desde a comunicación de alta

10. AMBITO TERRITORIAL

1.- A garantía de Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria, fornecerá efecto:

- a) Dentro do Territorio Nacional: ata os límites cuantitativos que as disposicións vixentes en cada momento establezan co devandito carácter de subscrición obrigatoria.
- b) No Estranxeiro: cando o feito prodúzase no estranxeiro, pero dentro do ámbito territorial dos estados que determine o ministerio de Economía e Facenda a teor do artigo 4.1. da Lei de Uso e Circulación de Vehículos a Motor; esta garantía concédese dentro dos límites e nas condicións previstas como obrigatorias na lexislación española ou do estado en cuxo territorio se produciu sinistro, cando a garantía do outro país sexa superior.

2.- As coberturas cuxa contratación é de carácter voluntario, fornecen efecto en todo Europa así como nos países non Europeos adscritos ao sistema de Carta Verde.

3.- A garantía de accidentes en todos os países do mundo.

11. OUTRAS CONDICIÓNS

Na proposta técnica a Aseguradora designará aos responsables do contrato, tanto por parte da compañía aseguradora como por parte da correduría ou axencia de seguros e determinaranse as posibles formas de comunicación entre a Administración e a empresa adxudicataria para solventar con eficacia e celeridade calquera cuestión que se puidera suscitar na execución do contrato

A Estrada, 12 de xuño de 2017

Aso. Juan Manuel Constenla Carbón



SERVICIO	MARCA Y MODELO	MATRICULA	AÑO DE COMPRA	CILINDRADA
ALCALDIA	SUZUKI GRAND VITARA	7003GKS	30/01/2009	4cilin/15
ALUMEADO	NISSAN/CABSTAR E	5887CCR	17/12/2002	4cilin/25
ALUMEADO	SUZUKI GRAND VITARA	7007GKS	30/01/2009	4cilin/15
ALUMEADO	EBRO/L 35	PO-0381-T	28/05/1987	4cilin/28
ALUMEADO	NISSAN/TRADE	PO-6662-AU	18/10/1993	4cilin/28
CONSERXES	RENAULT KANGOO COMBI	0633BST	28/02/2002	
FONTANERIA	FURGONETA	PO-7053-AF	27/04/1989	4cilin/20
INCENDIOS	MOTOBOMBA MERCEDES	3515DBR	30/07/1999	6cilin/60
INCENDIOS	MOTOBOMBA MAN	5605BVY	08/05/2002	6cilin/68
INCENDIOS	MOTOBOMBA MAN TGM	6218JMT	29/03/2016	6cilin/68
INCENDIOS	MOTOBOMBA IPV FORESTAL	6745DKR	01/05/2005	6cilin/68
LIXO	MAN	6196BMP	24/08/2001	6cilin/119
LIXO	MAN	9459DKT	25/05/2005	6cilin/119
LIXO	NISSAN CAMIÓN BASURA	C-1488-AV	25/10/1990	6cilin/59
LIXO	BARREDORA	E-2222-BFV	13/12/2010	4cilin/2
LIXO	REMOLQUE-SEMIREMOLQUE	R-9707-BBL	04/04/2003	
POLICIA LOCAL	DACIA DUSTER	0805JCJ	30/01/2015	4cilin/14
POLICIA LOCAL	CITROEN CACTUS	0893JGR	01/07/2015	4cilin/15
POLICIA LOCAL	PIAGGIO HEXAGON 250GT	1905CPY	29/10/2003	1cilin/2
POLICIA LOCAL	CITROEN XSARA	4336BZP	25/09/2002	4cilin/18
POLICIA LOCAL	RENAULT MEGANE	5998FPF	09/05/2007	4cilin/18
POLICIA LOCAL	RENAULT SCENIC	8125HTF	18/10/2013	4cilin/14
POLICIA LOCAL	SUZUKI UH200 (MOTO)	8492FSL	04/07/2007	1cilin/2
POLICIA LOCAL	YAMAHA XT660R	9020JKP	15/12/2015	1cilin/6
POLICIA LOCAL	RENAULT SCENIC	9788FDH	27/07/2006	/14
POLICIA LOCAL	NISSAN TERRANO II	PO-5806-BB	15/07/1996	/26
PROTECCIÓN CIVIL	NISSAN PICK UP	1245BDZ	17/01/2001	/24
PROTECCIÓN CIVIL	NISSAN TERRANO	1426CYW	30/07/2004	/26
PROTECCIÓN CIVIL	RENAULT MASTER	2266HTX	01/12/2013	/24
PROTECCIÓN CIVIL	NISSAN QASHQAI	4533GZW	22/12/2010	/24
PROTECCIÓN CIVIL	RENAULT TRAFFIC	6936JHB	22/07/2015	/24
PROTECCIÓN CIVIL	NISSAN PATROL	PO-3506-BK	27/11/1998	/24
RURAL	NISSAN TERRANO	2622BZY	08/10/2002	/24
SERVICIOS SOCIALES	RENAULT KANGOO	9367BGP	15/03/2001	/24
VÍAS PÚBLICAS	RENAULT MASTER	0065CDY	10/02/2003	/24
VÍAS PÚBLICAS	PEUGEOT BOXER	1310DSS	23/11/2005	/24
VÍAS PÚBLICAS	RENAULT MASTER	1379CMF	23/09/2003	/24
VÍAS PÚBLICAS	CAMIÓN BASCULANTE (RENAULT)	5714FKR	24/01/2007	/24
VÍAS PÚBLICAS	RENAULT TRAFIC	5841GGL	21/07/2008	/24
VÍAS PÚBLICAS	RENAULT KANGOO	8039-FVT	20/09/2007	/24
VÍAS PÚBLICAS	NISSAN TERRANO	9334BDG	02/03/2001	/24
VÍAS PÚBLICAS	NISSAN VANETTE	C-0701-BS	03/10/1996	/24
VÍAS PÚBLICAS	NISSAN SERENA	C-1139-BL	20/05/1995	/24

SERVICIO	MARCA Y MODELO	MATRICULA	ANO DE COMPRA	CILINDRADA
ALCALDIA	SUZUKI GRAND VITARA	7003GKS	30/01/2009	4cilin/15
SERVICIO	MARCA Y MODELO	MATRICULA	ANO DE COMPRA	CILINDRADA
VÍAS PÚBLICAS	NISSAN VANETTE	C-9506-BD	26/05/1993	4cilin/15
VÍAS PÚBLICAS	NISSAN PATROL	C-9581-BH	11/07/1994	6cilin/28
VÍAS PÚBLICAS	TRACTOR - NEW HOLLAND	E-0546-BFL	31/01/2001	6cilin/67
VÍAS PÚBLICAS	A.U.S.A/200 RPM	E-1488-BBC	08/10/1999	2cilin/11
VÍAS PÚBLICAS	CLAAS	E-0203BGR	04/11/2016	6cilin/75
VÍAS PÚBLICAS	TRACTOR LAMBORGHINI	E-1489-BBC	08/10/1999	6cilin/60
VÍAS PÚBLICAS	DOSSAN (MINI CARGADORA	E-2831-BFR	29/01/2010	4cilin/22
VÍAS PÚBLICAS	HAKO-WERKE	E-6538-BCK	15/10/2003	3cilin/10
VÍAS PÚBLICAS	FIAT/KOBELCO FB 110.2	E-9747-BCD	21/02/2003	4cilin/49
VÍAS PÚBLICAS	IVECO CAMIÓN BASCULANTE	PO-2336-BJ	22/07/1998	6cilin/58
VÍAS PÚBLICAS	MAN	PO-2590-AH	23/11/1989	6cilin/68
VÍAS PÚBLICAS	PALA JCB	PO-37095-VE	27/11/1989	4 cilin/38
VÍAS PÚBLICAS	CHAMPION/720A	PO-41887-VE	29/04/1992	6cilin/83
VÍAS PÚBLICAS	TRACTOR KUBOTA	PO-44820-VE	19/01/1994	4cilin/46
VÍAS PÚBLICAS	NISSAN PATROL	PO-5257-AL	25/03/1991	4cilin/28
VÍAS PÚBLICAS	REMOLQUE PISON	R-9017-BCM	20/11/2012	

